

**VIII CONVOCATORIA PROXECTOS DE
COÑECEMENTO DA REALIDADE (PCR) en
PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O
DESENVOLVEMENTO
2014**

Oficina de Cooperación e Voluntariado
Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación
Universidade da Coruña



1. INTRODUCCIÓN

Os Proxectos de Coñecemento da Realidade (PCR) son unha iniciativa en que o alumnado da Universidade da Coruña ten a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación e que o traballo que desenvolva sexa validado con proxectos fin de carreira, prácticas de materias ou traballos obrigatorios de fin de carreira. Ademais disto, a realización dun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario, como para a sociedade en xeral xa que, tras o regreso da estadía, se realizan charlas para dar a coñecer a experiencia.

A **Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña** abre a convocatoria a todo o estudiantado desta universidade que estea interesado en participar en programas de accións de coñecemento da realidade. Mediante este programa procúrase un proceso de reflexión desde unha vertente práctica, para implicar ás persoas participantes nas liñas de traballo en cooperación para o desenvolvemento en diferentes países do sur e no traballo que se leva a cabo desde Galicia, fundamentalmente de sensibilización.

2. CARACTERÍSTICAS DOS PCR OFERTADOS

A Oficina de Cooperación e Voluntariado poderá financiar varios PCR en función das solicitudes recibidas, e poderá optar todo aquel estudiantado da Universidade da Coruña que presente un proxecto de coñecemento da realidade para levar a cabo un traballo de investigación e/ou acción-participación, que conte co respaldo dunha ONGD que estea a desenvolver un proxecto de cooperación nun país en desenvolvemento e que teña a súa correspondente contraparte local.

Os eidos de actuación dos PCR poderán ter un carácter especificamente técnico (proxectos de saneamento, hidráulica, construción e rehabilitación etc.) ou de calquera outro (educación, desenvolvemento comunitario, empoderamento da muller, capacitación de técnicos locais etc.) En calquera caso, é preciso contar co apoio do profesorado da UDC para convalidar curricularmente (proxecto fin de carreira, traballo obrigatorio de materia, *practicum*) o traballo desenvolvido durante a estadía.



3. DATAS DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS E DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

A solicitude presentarase no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos Rexistros Auxiliares da Coruña (Casa do Lagar, campus de Elviña, 15191 A Coruña) ou de Ferrol (rúa Vázquez Cabrera, s/n, campus de Esteiro, 15403 Ferrol) en horario de 9:00 a 14:00 h, sendo a data máxima para a súa entrega o 10 de abril de 2014.

Os formularios da solicitude de participación na convocatoria formalizaranse nos ANEXO I (solicitude do alumnado), ANEXO II (datos da ONGD) e ANEXO III (formulario do proxecto).

A solicitude acompañarase dos seguintes documentos:

- DATOS PERSOAIS. ANEXO I cumprimentado e fotocopia do DNI.
- Breve CURRÍCULO da persoa solicitante. ANEXO II.
- Acreditación de ser alumna/o da Universidade da Coruña (resgardo da matrícula).
- Extracto do Expediente Académico da UDC.
- Resumo do PROXECTO A DESENVOLVER no país seleccionado, cos obxectivos, actividades e o cronograma detallado do PCR no que se vai participar. ANEXO III
- Achegarse o ORZAMENTO da viaxe á cidade/país de destino e do seguro da viaxe (enfermidade e accidentes), o máis estimativo posible.
- Será **obrigatoria** a inclusión dunha carta dun/dunha profesor/a da UDC, en que se reflicta o interese formativo do PCR, en que constarán as indicacións do recoñecemento curricular que poidan supoñer para o/a estudante (prácticas de materias, proxecto fin de carreira, traballo de materias, etc.)
- CARTA DE MOTIVACIÓN da persoa solicitante, argumentando as razóns polas que desexa participar nesta convocatoria e como contribuirán á súa formación. ANEXO IV.
- CARTA DE PRESENTACIÓN asinada pola ONGD, en que expresará **claramente** o seu interese en que o alumnado realice o PCR, así como o seu compromiso **claro** de facerse cargo do aloxamento, manutención e desprazamentos internos no país se así o determina. ANEXO V
- DATOS DA ONGD e da súa contraparte. ANEXO VI.



4. CONTÍA DAS AXUDAS, DURACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO

A contía total desta VIII convocatoria é de 22.000 euros, que se tramitarán con cargo á partida orzamentaria 08000806 422D 48600 denominada “Axudas para cooperación ao desenvolvemento”, sen prexuízo de que esta cantidade inicial puidera incrementarse. En función da calidade dos PCR presentados, as axudas poderán concederse a unha, a varias ou a ningunha das candidaturas presentadas. As ditas axudas consistirán en:

- **a viaxe á cidade/país de destino e o regreso a España**
- **o seguro da viaxe (accidentes e enfermidade)**
- **achega aos gastos derivados da manutención no país de destino**

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O aloxamento, a parte correspondente da manutención e o desprazamento ás diferentes comunidades onde se estea a desenvolver o proxecto correrán a cargo da ONGD que ampara ao alumnado, da súa contraparte local ou do propio alumnado.

Os PCR que se ofertan terán unha duración mínima de 30 días e un máximo de 90 días. O comezo deste proxecto terá que ter lugar desde a publicación desta convocatoria e até o día 14 de novembro de 2014, sen superar nunca o período máximo establecido.

O aboamento da contía farase da seguinte forma:

- Achegarase o 80% da cantidade asignada no momento da resolución da convocatoria, á que se lle aplicará, de ser o caso, as retencións correspondentes. Con anterioridade ao inicio da tramitación do pagamento, o alumno/a, deberá entregar a factura xustificativa da axencia de viaxes correspondente.
- Finalizada a viaxe, solicitarase a memoria final do proxecto, momento no que se fará entrega do 20% da axuda restante, á que se lle aplicará, de ser o caso, as retencións correspondentes.



5. PERFIL REQUIRIDO

1. Estar matriculado nunha titulación oficial dun centro propio da Universidade da Coruña.
2. Posuír formación no eido da cooperación ao desenvolvemento (mestrado, cursos, charlas, xornadas etc.)
3. Ter capacidade para convivir e traballar en equipo, e estar en condicións para facelo en ambientes culturais e económicos diferentes. A persoa seleccionada realizará unha **entrevista persoal** na que se valorarán estas cuestións.
4. Posuír experiencia en campos de traballo, actividades de voluntariado, movementos sociais ou asociativos.
5. Ter formación específica cando sexa requirida (idiomas, etc.)

6. PRIORIDADES DE CONCESIÓN

As propostas de resolución e a conseguinte resolución estarán suxeitas aos seguintes recursos de selección:

- **Expediente académico (máx. 3 puntos)**
- **Cursos relacionados coa Cooperación ao Desenvolvemento e ao Voluntariado Social (máx. 2 puntos)**
- **Experiencia en campos de traballo, actividades de voluntariado, movementos sociais ou asociativos (máx. 2 puntos)**
- **Entrevista persoal (máx. 3 puntos)**
- **Carta do/a profesor/a (máx. 2 puntos)**
- **Pertinencia do proxecto (máx. 3 puntos)**
- **Priorizarase ao alumnado que non fora perceptor da bolsa en anos anteriores (máx. 2 puntos)**

7. RESOLUCIÓN

Nun máximo de 15 días dende o fin do prazo de presentación das candidaturas, a vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informará sobre a correspondente resolución. Nela indicarse a identidade da persoa ou das persoas beneficiarias e das candidaturas incluídas na listaxe de reserva.



A comisión encargada da valoración das solicitudes estará formada por:

- a. Natalia Álvarez Lata. Vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación.
- b. José Jesús Cendán Verdes. Director da Oficina de Cooperación e Voluntariado.
- c. Lorena Rilo Pérez. Técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado.
- d. Ou persoas que as substitúan legalmente.

As persoas solicitantes serán informadas oportunamente sobre a resolución, tanto se son seleccionadas como no caso contrario. No caso das persoas seleccionadas, entenderase que aceptan as condicións e termos da proposta de concesión de axudas.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

8. RENUNCIAS

As renuncias ás axudas deberán comunicalas as persoas interesadas á Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña. Tales renuncias poderán ser substituídas polas candidaturas incluídas na listaxe de reserva. No caso de que as axudas non poidan ser cubertas polos titulares ou reservas, a Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria.



9. OBRIGAS ADQUIRIDAS

- Asinar unha carta de aceptación e/ou renuncia trala resolución da convocatoria e previo á marcha ao país de destino.
- Ao regreso, participar nunha actividade de sensibilización a determinar pola Oficina de Cooperación e Voluntariado, na que relatará a súa experiencia no terreo.
- Presentación de documentación visual (fotografías ou vídeos) da súa participación no PCR.
- Presentación da memoria do proxecto levado a cabo, cun prazo máximo dun mes despois do retorno da estadía.
- Compromiso ético de comportamento axeitado e respectuoso coas normas culturais e as leis do país onde vai a levar a cabo o PCR.
- Cubrir unha enquisa de satisfacción ao regreso da estadía.

10. INCUMPRIMENTOS

O incumprimento total ou parcial do establecido na presente convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro do percibido.

Igualmente, no suposto recollido no apartado 3, do artigo 19 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder.

O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou da súa xustificación insuficiente, levará aparellado o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Coruña, 21 de marzo de 2014

A vicerreitora de Relacións

Internacionais e Cooperación

Natalia Álvarez Lata



ANEXO I
SOLICITUDE do ALUMNADO

Nome e apelidos _____

DNI _____

Enderezo _____

Cidade e código postal _____

Teléfonos _____

Correo electrónico _____@udc.es

Data de nacemento _____

Formación académica _____

Outros estudos _____

Formación e experiencia no mundo da cooperación para o desenvolvemento _____

Motivación para participar _____

A Coruña, _____ de _____ de 2014
(sinatura)



ANEXO II
CURRICULUM DO ALUMNADO

1. BREVE CURRICULUM DO ALUMNADO

Datos persoais

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data nacemento:	Nacionalidade:	D.N.I. núm.:
Domicilio: rúa, número e piso:	Localidade e provincia:	Código postal:
Teléfono/s de contacto:	Enderezo de correo electrónico:	

Datos académicos

Título académico	Curso actual

Cursos de formación específica

Denominación do curso	Organismo, entidade ou centro	Nº horas

Experiencia en voluntariado, campos de traballo, movementos sociais ou asociativos

Idiomas

--	--	--



ANEXO III
FORMULARIO DO PROXECTO

(En calquera dos apartados deste impreso poderá empregarse máis espazo se fose preciso)

1. FICHA DESCRIPTIVA DO PCR

Título do PCR

ONG colaboradora

Nome e apelidos

NIF

Correo electrónico

**Escola ou
Facultade**

Tfno

FAX

Dirección a efectos de notificacións

Breve descrición do proxecto (describir o proxecto en catro ou cinco liñas)

Data de inicio e finalización do proxecto


Data de inicio

Data de finalización

Importe total solicitado á OCV

Concepto	Importe
Billete de avión	
Seguro da Viaxe	

Sinatura:



2. DATOS BÁSICOS DO PCR

Título do PCR:

Lugar ou lugares de execución do PCR:

Duración do PCR:

Ámbito de actuación do PCR (saúde, vivenda, educación, saneamento...):

Obxectivos xerais e específicos do PCR:

3. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PCR

(utilizar máis espazo si é necesario)

4. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES (indicar datas de realización, prazos, comezo e fin de actividades...)

(utilizar máis espazo si é necesario)



ANEXO IV
CARTA DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

1. CARTA DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO



ANEXO V
CARTA DE PRESENTACIÓN DA ONGD

Don/dona, _____, con DNI n.º _____ en
calidade de _____, da entidade _____,
con domicilio social en _____
cidade _____, código postal _____, CIF _____,
teléfono _____ fax _____, correo
electrónico _____.
Nome do proxecto _____.
País _____.


EXPÓN:

Que certifica a autenticidade de todos os datos que achegou e que asume a
responsabilidade no país de destino do/da voluntario/a

SOLICITA:

Que sexa admitida a candidatura de don/dona _____
para a participación no Proxecto de Coñecemento da Realidade (PCR) en
_____ dentro do proxecto de cooperación denominado
_____ que
desenvolve coa contraparte local _____.

En _____, a _____ de _____ de 2014
(sinatura da persoa responsable e con representación legal da entidade peticionaria)



ANEXO VI
DATOS DA ONG E DA CONTRAPARTE LOCAL

1. DATOS DA ONG			
Nome			
Domicilio social			
Persoa de contacto		Teléfono	
Páxina web		Correo electrónico	
Rexistro Galego de ONGD		Fax	
2. DATOS DA CONTRAPARTE LOCAL			
Nome			
Domicilio social			
País			
Persoa de contacto		Teléfono	
Correo electrónico			